

## Orde do Día Proposto da sesión AYT/XGL/62/2016

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez  
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dna. Branca Petra Novo Rey  
Dna. Concepción Fernández Fernández  
D. Xan Xesús Duro Fernández  
D. Manuel Dios Diz  
Dna. Marta Irene Lois González  
D. Rafael Peña Vidal

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **09 de setembro de 2016**, ás **09:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

### ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a reforma edificio existente para a instalación dun ascensor e rehabilitación de fachadas na rúa Bispo Diego Pelaez, nº 7. LIC/148/2015.
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a reforma de edificación para destinalo a albergue turístico na rúa Carretas, nº 11. LIC/1431/2015.
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza

para a instalación dun ascensor na rúa García Prieto, nº 12. LIC/437/2016.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para a aceptación da cesión de viario formalizada na escritura pública e conceder licenza para construción de restaurante-cafeteria na rúa Coto dos Olmos, nº 6. LIC/1335/2015.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para proxecto de paisaxe no Monte do Gozo (Obra civil) no lugar Monte do Gozo. LIC/232/2016.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación puntual do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial.

8.- Propostas da concelleira delegada da área de Acción Social relativas á aprobación de convenios con diversas asociacións e entidades de carácter social.

9.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de axudas para a reforma de locais de negocio, incorporación de TICS e innovacións no sector comercial para 2016.

10.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución de fianza do contrato de "subministro de prendas de confección a medida para a Policía Local 2014".

11.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución de fianza das "obras de ampliación da rede de saneamento no lugar de Silvouta, incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña".



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

12.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución de fianza das "obras de reurbanización da rúa Virxe Branca (2ª licitación)".

13.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución de aval do contrato do "servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela".

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución da garantía definitiva das obras de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, incluídas no POS 2014 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

15.- Proposta do concelleiro delegado sustituto de Economía e Facenda relativa á adxudicación do servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do proxecto de mellora das redes de saneamento e pluviais en Cima da Eira.

17.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

18.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 07 de setembro de 2016

**O Alcalde**

**Asdo:Martiño Noriega Sánchez**